

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

TÍTULO I

PRINCIPIOS XERAIS

Artigo 1.

Estas normas afectan a persoal docente, alumnado e persoal non docente deste Instituto.

Artigo 2.

Estas normas serán informadas polo Claustro e polo Consello Escolar e aprobadas pola Dirección do centro. Entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación.

Artigo 3.

A estas normas debeselles dar difusión entre todos os membros da comunidade educativa, a través dos seus representantes

Artigo 4.

Todo o alumnado e persoal deste Instituto está obrigado a cumprir os preceptos destas normas

Artigo 5.

A ignorancia de todo ou parte destas normas non exime do seu cumprimento.

Artigo 6.

A revisión destas normas pode ser solicitada á Dirección do centro por 1/3 dos membros dos órganos colexiados de goberno, ou por unha maioría dos membros de calquera colectivo dos que conforman a comunidade educativa.

Artigo 7.

Estas normas só poderán ser modificadas pola Dirección do centro e deberán ser informadas polo Claustro e polo Consello Escolar.

Artigo 8.

As modificacións puntuais que non alteren substancialmente (un máximo de 6) estas normas faranse mediante disposicións adicionais.

TÍTULO II

ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 9.

9.1 Colexiados: Consello Escolar e Claustro de Profesores.

9.2 Unipersoais: Equipo Directivo.

Artigo 10.

As competencias, réxime de funcionamento, elección e funcións dos órganos de goberno están recollidas no Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (Decreto 324/1996 de 26 de xullo. D.O.G. do 9 de agosto) coas modificacións incluídas nas posteriores leis que regulan esta función (Lei orgánica 2/2006 –LOE–, Lei orgánica 8/2013 – LOMCE).

Artigo 11.

A asistencia ás sesións do Claustro de Profesores é obrigatoria para todos os membros e as ausencias serán incluídas no parte mensual de faltas do profesorado. As ausencias dos profesores membros electos do Consello Escolar ás sesións do mesmo non se incluírán no parte mensual de faltas.

Artigo 12.

No seo do Consello Escolar crearase a Comisión de Convivencia, composta por un representante do profesorado, un representante dos pais e nais, un representante do alumnado e un representante do personal de administración e servizos, respectando sempre o principio de igualdade entre homes e mulleres. Os membros serán nomeados pola persoa titular da dirección do centro logo de escoitar as propostas dos distintos colectivos. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta

das súas reunións Para a súa actuación é preceptiva a presenza de tódolos seus compoñentes. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no decreto 8/2015, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro As súas competencias serán:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar ao Consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao Consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

TÍTULO III

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Artigo 13.

Son órganos de Coordinación Docente os Departamentos Didácticos, o Departamento de Orientación, O Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares, o Equipo de Normalización Lingüística e a Comisión de Coordinación Pedagógica.

Artigo 14.

As competencias e réxime de funcionamento de cada órgano así como a composición e as funcións dos seus responsables están recollidas no Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (Decreto 324/1996 de 26 de xullo. D.O.G. do 9 de agosto) coas modificacións incluídas nas posteriores leis que regulan esta función (Lei orgánica 2/2006 –LOE-, Lei orgánica 8/2013 – LOMCE)..

Artigo 15.

A asistencia ás sesións é obrigatoria para todos os membros e as ausencias das profesoras e dos profesores membros deste órgano serán incluídas no parte mensual de faltas do profesorado.

Artigo 16.

O funcionamento dos Departamentos Didácticos inclúese como anexo a estas normas (Documento 07)

Artigo 17.

O Departamento de Orientación e o Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares elaborarán as súas normas de funcionamento, que deberán ser aprobadas pola Dirección do centro.

TÍTULO IV

OUTROS ÓRGANOS E CARGOS

Artigo 18. TITORES

18.1 A súa designación e competencias están recollidas no Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.

18.2 O funcionamento das titorías inclúese como anexo a estas normas (Documento 06)

Artigo 19. XUNTA DE PROFESORES DE GRUPO

19.1 Estará constituída por tódolos profesores que imparten docencia no grupo, sendo coordinada polo titor.

19.2 Reunirase por convocatoria do Xefe de Estudos, ben por propia iniciativa ou a petición do titor.

19.3 A asistencia ás sesións é obrigatoria para todos os compoñentes e as ausencias das profesoras e dos profesores membros deste órgano serán incluídas no parte mensual de faltas do profesorado.

TÍTULO V

ORGANIZACIÓN ACADÉMICA

Capítulo 1.

Alumnos/as

Artigo 20. DEREITOS

20.1 Son os contemplados nos artigos comprendidos entre o 10 e o 34 de R-D. 732/1995, de 5 de maio (B.O.E.- do 2 de xuño), polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos/as e as normas de convivencia nos centros.

20.2 A Programación Xeral do Centro estará a disposición dos membros da comunidade educativa.

20.3 Para as reclamacións contra das cualificacións de xuño haberá 2 días hábiles a partir da entrega oficial das notas.

20.4 As reunións de alumnos/as, con carácter formativo ou educativo, serán comunicadas ao Xefe de Estudos, quen lles facilitará un local para levalas a cabo. Faranse fóra do horario lectivo, pero dentro do horario do Centro.

20.5 Cando máis dun grupo requira, simultaneamente, algunha instalación do Centro, terá preferencia a actividade recollida na Programación Xeral. De non ser este

o caso, o uso será por orde de solicitude, establecéndose turnos rotatorios no caso de que as peticións sexan continuadas.

Artigo 21. DEBERES

21.1 Son os contemplados nos artigos 35, 36, 37, 38, 39 e 40 do R.D. 732/1995.

Artigo 22. XUSTIFICACIÓN DE FALTAS

22.1 O alumnado ten a obriga de xustificar as faltas de puntualidade ou asistencia á clase. A xustificación deberá producirse nun período de tempo non superior a sete días dende a súa reincorporación ao Centro.

22.2 Cando o alumnado dun grupo participe nunha actividade complementaria ou extraescolar voluntaria, tanto dentro coma fora do centro, aqueles alumnos que decidan non participar acudirán á clases no seu horario lectivo, e non se admitirá ningunha xustificación desta ausencia sen soporte documental.

22.3 A xustificación poderá facerse por medios telemáticos (aplicación abalarMóvil) ou por escrito (recollerán o impreso no centro)

22.4 A xustificación por escrito deberá ser asinada polo responsable familiar do alumnado se éste é menor de idade, e polo propio alumno ou alumna se é maior de idade emancipado.

22.5 O titor ou titora valorará se a información facilitada é suficiente para xustificar a ausencia ou se é necesaria outra documentación complementaria.

22.6 Cando un alumno ou unha alumna acumule un determinado número de faltas sen xustificar poderá ser privado do dereito á avaliación continua. Ás condicións nas que se pode tomar esta medida estarán recollidas no correspondente protocolo.

Artigo 23. DELEGADOS DE GRUPO E XUNTA DE DELEGADOS

23.1 Cada grupo terá un/unha delegado/a e un/unha subdelegado/a, elixidos por sufraxio directo e secreto durante o primeiro mes de curso. Levantarase acta da elección e será entregada unha copia na Xefatura de Estudos.

23.2 As súas funcións e elección están recollidas no Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (Decreto 324/1996 de 26 de xullo. D.O.G. do 9 de agosto).

23.3 Atenderán e cursarán cantas queixas e propostas realice o grupo

23.4 Comunicarán calquera incidencia no seu grupo ao titor ou titora ou na Xefatura de Estudos.

23.5 Avisarán ao profesorado de garda cando falte o profesorado docente.

23.6 A Xunta de Delegados estará constituída por todos os delegados de grupo e os representantes do alumnado no Consello Escolar. Constituirase no primeiro mes de curso, unha vez elixidos os delegados de cada grupo.

23.7 Poderán ser convocados a reunións pola Xefatura de Estudos ou pola Dirección.

23.8 As reunións celebraranse no tempo de lecer e só excepcionalmente poderán realizarse durante os períodos lectivos. Serán comunicadas con antelación ó/á Xefe de Estudos, quen lles facilitará un local para levalas a cabo. Cada delegado disporá de 10 minutos para informar ó seu grupo do tratado nas reunións.

Capítulo 2.

Profesores/as

Artigo 23. DEREITOS E DEBERES

23.1 Son os contemplados na lexislación vixente relativa a funcionarios docentes.

23.2 Controlarán a asistencia do alumnado ás clases e informarán ao titor conforme ao establecido pola Xefatura de Estudos.

23.3 Informarán aos pais dos alumnos da marcha académica destes cando así llelo requiran. Farano fixando unha data de mutuo acordo ou ben na correspondente hora de tutoría.

23.4 En períodos extraordinarios (excursión fin de curso, viaxes culturais, ...), aqueles profesores que non teñan alumnado no seu horario lectivo axudarán, se fose necesario, a manter o bo funcionamento do centro escolar e a atender ao alumnado que estivera sen profesorado.

23.5 Os profesores/as encargados das actividades complementarias ou extraescolares (excursións, saídas culturais, ...) realizarán unha programación detallada das mesmas que remitirán os pais/nais/titores co fin de solicitar a autorización expresa de participación na actividade (se procede). O equipo directivo, unha vez recibida esta información, transmitiráa ao resto do profesorado no prazo máis breve posible.

23.6 Os profesores/as poderán, como unha medida excepcional, enviar a un alumno/a onde o profesor de garda ou ben onde un cargo directivo, cando a súa actitude impida o desenvolvemento normal da clase. O profesor deberá achegar traballo para que o alumno realice durante ese tempo, asegurándose de que o alumno é atendido, e cubrirá o correspondente informe.

23.7 Recibirán información dos acordos tomados polos órganos de goberno do centro, das actividades neles desenvolvidas, e de tódalas reclamacións que lles afecten colectiva ou individualmente.

Artigo 24. PROFESORES DE GARDA

24.1 O obxectivo do profesorado de garda será procurar o bo funcionamento do centro e atender aos alumnos que estiveran sen profesor, de xeito que poida darse solución, consultando co cargo directivo de garda, a calquera emerxencia que puidera xurdir.

24.2 Velará pola orde, especialmente á entrada e saída das clases, e silencio nos corredores, enviando aos alumnos as súas respectivas clases ou, se é o caso, á biblioteca.

24.3 Anotará no “Libro de gardas”, as faltas de puntualidade ou de asistencia á clase do profesorado, facéndose cargo dos seus alumnos na aula, na biblioteca ou no patio de xogos, coidando sempre que non se interfira no normal desenvolvemento do resto das clases. Deberá asinar no cadro correspondente do libro, anotando tamén as incidencias ocorridas durante a hora.

24.4 Excepcionalmente e no caso de que o total do horario dos profesores non sexa suficiente para cubrir as horas de lecer e as horas de atención á biblioteca a xefatura de estudos tomará as medidas oportunas para que ditos períodos estén cubertos

Capítulo 3

Persoal non docente

Artigo 25. DEREITOS E DEBERES

25.1 Son os contemplados na lexislación vixente relativa a persoal laboral e funcionarios non docentes (R.D.L. 5/2015 polo que se aproba o texto refundido da “Ley del Estatuto Básico del Empleado Público”, Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia, Resolución do 24/02/2016 sobre instrucións do réxime de vacacións, permisos e licenzas, Lei 4/2011 de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, Resolución do 05/08/2010 sobre V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta).

25.2 Comunicarán ó cargo directivo correspondente calquera incidencia da que teñan coñecemento, se a consideran importante para o centro.

TÍTULO VI

ORGANIZACIÓN DE ESPACIOS E MOBILIARIO

Artigo 24. ESPACIOS

26.1 A organización de espacios e a distribución de aulas e locais do Centro, son competencia do/da Xefe/a de Estudos en colaboración co/coa Secretario/a. A distribución poderá ser modificada ao comezo de cada curso para adaptarse ás novas necesidades.

26.2 As aulas específicas serán utilizadas con carácter prioritario para impartir docencia polos profesores das materias correspondentes. A utilización das que puideran ser de interese puntual ou periódico para impartir as súas materias por profesores doutros departamentos rexiranse polas normas que elabore a Xafatura de Estudos.

26.3 De acordo coa lexislación vixente, está prohibido fumar a todo o persoal do centro en todas as dependencias do centro.

26.4 O uso da cafetería do centro polos alumnos/as será restrinxida aos periodos de lecer, agás causa xustificada.

Artigo 27. MOBILIARIO

27.1 O responsable da súa organización será o Secretario.

27.2 O uso de todos os utensilios da conserxería e da secretaría corresponde ao persoal non docente respectivo. Na súa ausencia, ou por outra ocupación destes, avisarase a un cargo directivo que se atope no centro.

TÍTULO VII

ASOCIACIÓNS

Artigo 28. ASOCIACIÓNS DE PAIS

28.1 Os seus dereitos están recollidos no Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.

28.2 O Equipo Directivo proporcionaralles un local para levar a cabo as súas actividades.

Artigo 29. ASOCIACIÓNS DE ALUMNOS E/OU EX-ALUMNOS

No caso de constituírse, farase de acordo coa lexislación vixente.

TÍTULO VIII

NORMAS DE CONVIVENCIA

Artigo 30. DEREITOS E DEBERES DOS/DAS ALUMNOS/AS

Son os recollidos nos Artigos 19 e 20 deste Regulamento.

Artigo 31. NORMAS DE CONVIVENCIA

31.1 Obrigatoriedade de asistir á clase e facelo con puntualidade e con todo o material necesario. A falta de puntualidade ou a asistencia sen o material quedará reflectida no parte e comunicárase aos pais xunto coas faltas de asistencia.

31.2 Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do Centro.

31.3 Seguir as orientacións do profesorado respecto da aprendizaxe.

31.4 Amosar respecto e consideración cara a todos os membros da comunidade educativa, e cara a aquelas persoas que realicen algunha actividade dentro do recinto escolar.

31.5 Respectar o dereito ao estudo dos compañeiros.

31.6 Evitar manter actitudes que perturben o normal desenvolvemento das actividades do Centro.

31.7 Respecto á liberdade de conciencia, conviccións relixiosas ou morais, dignidade, integridade, intimidade e non discriminación por razóns de raza, sexo ou calquera outra circunstancia persoal ou social, de todos os membros da comunidade educativa.

31.8 Seguir as orientacións do profesorado, respecto da utilización, mantemento e recollida de material.

31.9 Coidado e utilización correcta do mobiliario, dotacións e instalacións do centro, seguindo as normas dadas polo profesorado, así como das pertenzas doutros membros da comunidade educativa.

31.10. Os alumnos/as escolarizados na educación Secundaria Obrigatoria non poderán saír do recinto escolar no período lectivo nin nos períodos de lecer.

31.11 Non está permitido comer ou beber nas aulas, nos corredores e na biblioteca, salvo permiso expreso do profesor responsable en cada momento. Excepcionalmente, se existen condicións individuais ou que afecten a toda a colectividade e que impidan o normal desenvolvemento do período de lecer no exterior do edificio, poderanse levar a cabo estas actividades nos corredores da planta baixa

31.12 Non se poden usar auriculares dentro das aulas ou noutras dependencias nas que se estean a desenvolver actividades lectivas.

31.13 Prohíbese ao alumnado a utilización no centro de teléfonos móbiles, reprodutores de MP3, discman, máquinas de xogos portátiles, e/ou calquera outro aparato electrónico, salvo permiso expreso e por escrito da Dirección do centro. Non se inclúen as calculadoras nin aqueles aparatos que autorice expresamente o profesor para o proceso educativo, previa comunicación e autorización da Dirección.

Aos efectos do apartado anterior, entenderase por utilización dun teléfono móbil “a activación intencionada ou automática da pantalla ou dalgún son do teléfono”.

O incumprimento desta disposición levará aparellada a retirada do correspondente material, que será entregado en Xefatura de Estudos, quedando constancia escrita deste feito.

O material requisado só se entregará á persoa que ostente a custodia do alumno, transcurrido un prazo mínimo de un mes contado a partir da data de retirada e previa cita co Xefe de Estudos.

A reincidencia incrementará o período de depósito do material no centro seguindo a seguinte secuencia: 1ª reincidencia, 2 meses; 2ª reincidencia, 3 meses; etc.

Ao remate do curso devolverase todo o material incautado independentemente do prazo transcurrido dende a última data de retirada.

Ás infraccións a esta disposición prescriben ao remate do curso e non son acumulativas para cursos sucesivos

31.14 Durante o tempo de lecer os alumnos non poderán permanecer na planta alta, agás acompañados dun profesor

31.15 Está totalmente prohibido o consumo de tabaco, alcohol ou estupefacientes en todo o centro.

31.16 Fora das horas de lecer, en horario lectivo, non se poderán sacar latas, botes, bocadillos, etc.. da cafetería. As situacións extraordinarias regularanse puntualmente.

31.17 Os alumnos/as que utilicen o transporte escolar para achegarse ao instituto, baixarán do autobús e, directamente, entrarán e permanecerán dentro do recinto escolar ata que comecen as clases. Non poderán saír en ningún caso fóra do recinto escolar. Ao remate da xornada lectiva, os alumnos subirán directamente ao autobús escolar. Igualmente o seu comportamento durante o percorrido será correcto e, se procede, poderá sancionarse de acordo co presente regulamento.

Artigo 32. CORRECCIÓN DAS CONDUCTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

32.1 Levaranse a cabo de acordo cos Artigos 48, 49 e 50 do R.D. 732/1995, e terán sempre un carácter educativo e formador.

32.2 As correccións propostas non deberán ser contrarias á integridade física nin á dignidade persoal do alumno/a. Ademais teranse en conta as circunstancias persoais familiares ou sociais do alumno/a antes de resolver o procedemento corrector.

32.3 Cando o número de faltas de asistencia inxustificadas dun alumno/a supere o 10 % das faltas totais do trimestre, o alumno/a será amonestado e poderá ser suspendido do seu dereito de asistencia ó Centro por un prazo máximo de tres días lectivos.

32.4 As conductas contrarias ás normas de convivencia deberán constar por escrito nun informe redactado polo profesor, do que se lle entregará copia ó titor do alumno/a e á xefatura de estudos que informará, se é preciso ou por

petición expresa, os pais ou titores legais do alumno/a. En todo caso cando o alumno/a teña dúas amoestacións a xefatura de estudos informará os pais.

32.5 Cando un alumno/a reincida en número de tres veces no mesmo curso escolar, en conductas contrarias ás normas de convivencia, a Xefatura de Estudos poderá propoñer a aplicación das correccións previstas nos apartados g e h do artigo 48 do R.D. 732/1995, e o Director, ou se é o caso a Comisión de Convivencia, actuarán segundo o procedemento establecido a tal efecto.

32.6 As actitudes que perturben levemente o desenvolvemento das actividades do Centro serán corrixiadas polo Xefe de Estudos a instancias do profesor. No caso de que a mencionada actitude poida ser considerada gravemente contraria ás normas de convivencia comunicará o asunto ó equipo directivo ou ó Consello Escolar.

32.7 Os actos de indisciplina ou falta de respecto e consideración cara a calquera membro da comunidade educativa ou contra persoas que eventualmente realicen algunha actividade dentro do recinto escolar, serán corrixiados pola Dirección, que comunicará o feito ó Consello Escolar.

32.8 Cando o número de faltas de asistencia inxustificadas a unha determinada materia, supere o 10% das horas previstas para o trimestre ou o 25% das totais previstas para o curso, o alumno/a poderá perder (a criterio do profesor) o dereito á avaliación continua debido á imposibilidade de aplicación da mesma, e deberá aplicárselle o sistema de avaliación proposto polo departamento correspondente.

32.9 Os danos producidos nas instalacións ou mobiliario do centro de forma intencionada ou negligente serán, abonados ou reparados polos autores dos mesmos, nun prazo a determinar polo Equipo Directivo.

No caso de que se neguen, poderáanse emprender polo Equipo Directivo accións xudiciais.

Ademais, os implicados neste tipo de accións comparecerán diante do Xefe de Estudos que aplicará, se procede, outra corrección.

Se non se identificase ó alumno/a ou alumnos/as causantes dos desperfectos, tódolos/as alumnos/as do grupo estarán obrigados a colaborar na reparación ou reposición material afectado.

32.10 A reparación das pintadas feitas nas aulas, corredores e calquera outra dependencia do Centro será encomendada aos autores polo titor ou, no caso de que ocorra durante un período de clase, polo profesor da materia que se estaba impartindo cando se produciron, en colaboración co Xefe de Estudos, facéndose os causantes tamén cargo do custo económico

32.11 Calquera profesor/a poderá obrigar a limpar as pintadas feitas nas mesas das aulas polos seus alumnos/as. O mesmo rexe para calquera outro acto que implique manchar a aula. O titor será o encargado de comunicar ao equipo directivo os danos que observe ou que lle indiquen os alumnos da súa titoría.

Artigo 33. CONDUCTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO

33.1 Son as especificadas no Artigo 52 do R.D. 732/1995. Serán corrixidas, de acordo co Artigo 53, trala instrucción dun expediente disciplinario.

33.2 Correspóndelle ó Director/a, logo da pertinente recollida de información, decidi-la instrucción do expediente disciplinario. Para a tramitación de expedientes disciplinarios aplicarase o disposto nos Artigos 54, 55 e 56 do R.D. 732/1995.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Artigo 34. A interpretación das dúbidas que poida presentar este regulamento correspóndelle ao Director do centro.

Artigo 35. DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.

Queda derogado o Regulamento de Réximen Interno vixente ata agora.